

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

728 *Real decreto 1953/2009, do 18 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, o Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, e o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, no relativo ao cálculo da nota media dos alumnos das ensinanzas profesionais de música e danza.*

O Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, fan referencia na súa disposición adicional segunda e na súa disposición adicional primeira, respectivamente, á valoración da nota media do expediente destes estudos, sen que nin nesas disposicións nin no articulado se indique como establecer a citada nota media.

A nota media do expediente constitúe un aspecto básico do currículo das ensinanzas profesionais de música e de danza, xa que esta incide na nota da proba de acceso ás ensinanzas superiores e, en consecuencia, pode ser determinante para o acceso aos ditos estudos por parte dos alumnos que realicen a citada proba. Polo tanto, resulta necesario fixar o criterio para determinar a dita nota media do expediente e a forma de efectuar o cálculo de decimais, de maneira que se apliquen as mesmas pautas a todo o alumnado, con independencia do centro en que curse os seus estudos.

Por outra parte, o artigo 15 do Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, dispón que, de acordo co artigo 50.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música ou de danza obterá o título de bacharel se supera as materias comúns do bacharelato. É preciso, en consecuencia, establecer o cálculo da nota media que debe figurar no título de bacharel deste alumnado. Para estes mesmos efectos e en virtude do calendario de aplicación da nova ordenación das respectivas ensinanzas, é tamén necesario ter en conta as situacións do alumnado que, tendo superado as materias comúns das ensinanzas do bacharelato reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, finalice ademais as ensinanzas profesionais de música ou de danza establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación do Real decreto 1577/2006.*

Engádesse ao número 6 do artigo 11 do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, un parágrafo novo redactado nos seguintes termos:

«A nota media será a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas que formen parte das ensinanzas profesionais de música na especialidade, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.»

Artigo 2. *Modificación do Real decreto 85/2007.*

Engádese ao número 6 do artigo 11 do Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, un parágrafo novo redactado nos seguintes termos:

«A nota media será a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas que formen parte das ensinanzas profesionais de danza na especialidade, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.»

Artigo 3. *Modificación do Real decreto 1467/2007.*

O Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, queda modificado como segue:

1. Engádese unha disposición adicional oitava, redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional oitava. *Cálculo da nota media do bacharelato do alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música ou de danza e supere as materias comúns do bacharelato.*

A nota media do bacharelato que debe figurar no título de bacharel do alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música ou de danza e supere as materias comúns do bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias comúns do bacharelato e das materias dos cursos 5.º e 6.º das ensinanzas profesionais de música ou de danza na correspondente especialidade, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. No caso do alumnado que acceda directamente a 6.º curso das ensinanzas profesionais de música ou de danza, para o cálculo da nota media serán consideradas as cualificacións das materias do dito curso e de todas as materias comúns do bacharelato.»

2. Engádese unha disposición transitoria cuarta, redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria cuarta.

1. Ao alumnado que finalice no ano académico 2008-2009 as ensinanzas profesionais de música ou de danza establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e que, ademais, superase as materias comúns das ensinanzas do bacharelato reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, seralle de aplicación o artigo 14.2 do Real decreto 1178/1992, do 2 de outubro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do bacharelato, obtendo, deste modo, o título de bacharel.

2. Ao alumnado que finalice despois do ano académico 2008-2009 as ensinanzas profesionais de música ou de danza establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e que, ademais, superase as materias comúns das ensinanzas do bacharelato reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, seralle de aplicación o artigo 15.3 do Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, obtendo, deste modo, o título de bacharel.

3. A nota media do bacharelato que debe figurar no título de bacharel do alumnado a que fan referencia os dous puntos anteriores será a media aritmética das cualificacións das materias comúns do bacharelato cursado e das materias dos cursos 5.º e 6.º das ensinanzas profesionais de música ou de danza na correspondente

especialidade, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. No caso do alumnado que acceda directamente a 6.º curso das ensinanzas profesionais de música ou de danza, para o cálculo da nota media serán consideradas as cualificacións das materias do dito curso e de todas as materias comúns do bacharelato.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL